



## Nº 9

**Sábado, 25 de setembro de 2010.** Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar (*Rede Museística da Deputación de Lugo*). Hora: **19 horas**. Lugar: **Museo Provincial do Mar**, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Duración aprox.: **1:30 h.** Coordina: **Antonio Reigosa**.

## SUMARIO

### Portada

Tema: *Mazurca*. Intérpretes: **Benxamín Otero, Carlos Quintá e Óscar Sanjurjo** (3')

### Comunicación enredada

*Presentación do proxecto e obxectivos*, por **Encarna Lago** (5')

### Música

Tema: *O Ramallo* (canción tradicional portuguesa) Intérpretes: **Benxamín Otero, Carlos Quintá e Óscar Sanjurjo** (3')

### Comunicación enredada no Museo Provincial do Mar

*Obradoiros para explorar novas formas de relación a través da rede (webs, vídeo-radio, blogs...)*, por **Juan e Sara** (5')

### Maxia

*Maxia con cartas*, por **Benxamín Otero** (5')

### Comunicación enredada

*Con outra mirada*, por **Pilar Yáñez** (10')

### Música

Tema: *A pita podeira*. Intérpretes: **Benxamín Otero, Carlos Quintá e Óscar Sanjurjo** (3')

### Comunicación enredada no Museo-Fortaleza de San Paio de Narla

*Obradoiros para explorar o coñecemento do pasado a través de xogos (Xogos romanos, Os Irmandiños, Twister...)*, por **Luis e Borja** (5')

### Maxia

*Maxia con cartas*, por **Benxamín Otero** (5')

### Comunicación enredada no Museo Pazo de Tor

*Obradoiros para explorar as relación entre culturas e entre diferentes xeneracións (Expresarte, Tratando e retratando...)*, por **Manuel e Blanca** (5')

### Música

Tema: *Nena*. Intérpretes: **Benxamín Otero, Carlos Quintá e Óscar Sanjurjo** (3')

### Comunicación enredada

*Conclusíons*, por **Encarna Lago** (10')

### Maxia

*Maxia con cartas*, por **Benxamín Otero** (5')

### Iniciativas

*Presentación dos obxectivos e actividades do Grupo "Máis talento e menos cemento"*, por **Ramón Casas e Montse Recalde** (15')

### Opinión

*Intervención do público que o deseche* (3')

### Epílogo

*Agradecementos e entrega dos carnés cos títulos de "Graduado" e "Monitor graduado" aos alumnos/as dos distintos obradoiros*, por **Encarna Lago**, xerente da *Rede Museística da Deputación de Lugo* (3')

### Contraportada

Tema: *Caldeliñas* (aprendemos a bailar un pasodoble). Intérpretes: **Benxamín Otero, Carlos Quintá e Óscar Sanjurjo** (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

### Benxamín Otero e Carlos Quintá

Que Benxamín Otero e Carlos Quintá acabasen tocando xuntos é case que inevitable. Nacen os dous no 1979, e os dous en Lalín. Durante moitos anos comparten aprendizaxes na mesma clase do colexio, pero tamén indo xuntos ó Conservatorio. Alí Benxamín inicia os seus estudos de óboe, instrumento ó que se dedicará ata o presente, e Carlos ó violino. Será no 2003 cando empiecen a realizar proxectos musicais conxuntos. Neste ano, xunto con varios amigos de Lalín e Monterroso, crean o grupo de folk "Grodan defló", gañando a IV edición do "Concurso Folk Radio Obradoiro". Grazas a este certame editaron un disco ó ano seguinte. Outro dos vínculos entre os dous músicos será o Conservatorio Folque de Lalín, onde Benxamín será mestre de Linguaxe Musical, e Carlos iniciará os seus estudos de Acordeón Diatónico co mestre Pedro Pascual. Na actualidade os dous manteñen proxectos separados, como o dúo "Fernández e Quintá", ou a participación de Benxamín no espectáculo "Terra de Soños" de *Fuxan os Ventos*, pero tamén proxectos conxuntos como "Linho do Cuco". Curiosamente, dende hai uns anos, estes dous músicos están a traballar con títeres, pero desta volta, en compañías diferentes, Quintá será músico da compañía "Viravolta" e Benxamín de "Fantoches Baj".

### Comunicación enredada

As actividades na Rede Museística configúranse como un nexo de unión ou complementación nun espazo para compartir. Defendemos que o museo pode axudara á construción da identidade e o desenvolvemento da comunidade, favorecendo as relacións de cooperación, así como a colaboración intercultural. No programa colaborativo deseñado dende a xerencia da Rede presentamos un conxunto de obradoiros elaborados cos siguientes principios:

*Simplicidade:* Un valor que define as actividades seguindo a filosofía de obter satisfacción persoal ao realizar algo feito por cada un mesmo.

*Participación:* Fomento das actitudes proactivas que estimulan a creatividade individual e colectiva.

*Colaboración:* Propostas colaborativas que fomentan o traballo en equipo.

*Deducción:* Dinámicas que nos permitan aprender da nosa propia experiencia. Así faremos webs, blogs ...

*Diversión:* O xogo como instrumento clave para o desenvolvemento integral.

*Coñecemento:* Todas as actividades propostas neste programa potencian novas capacidades cognitivas: Aprender a coñecer, a ser, a vivir xuntos e a facer.

*Emoción:* A importancia da emoción e o abraio na arte de medrar.

Os museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo tentan ano a ano satisfacer a demanda de todas aquelas persoas, especialmente dos máis pequenos, que queren aproveitar o período vacacional para acrecentar os seus coñecementos e experiencias tendo como referentes a arte, a historia e a cultura. O papel do museo como un servizo cultural á comunidade, como un lugar aberto a diversas disciplinas artísticas, como un espazo de construción de experiencias. Dende a Rede non podemos imaxinar un museo illado do contexto que o rodea. Baixo o título *Museos, espazos para compartir*, neste verán 2010 organizamos tres campamentos con múltiples obradoiros no Museo Fortaleza San Paio de Narla, Pazo de Tor e Museo Provincial do Mar.

O deseño das actividades xira en torno a tres bloques temáticos: Compartir disciplinas (Arte, ciencia e natureza); Compartir culturas (Proxectos de comunidade) e Compartir en internet (Proxectos de redes sociais).

### Grupo: Máis talento e menos cemento

O grupo "Máis talento e menos cemento" é un colectivo que se creou na rede social *facebook* o pasado mes de marzo e na actualidade conta con 650 membros de todas as procedencias. Ten un talante aberto, formado por persoas de moi diversas ideoloxías, no que calquera pode participar sempre que comparta o seu obxectivo básico: Defender un desenvolvemento sostible e racional, e polo tanto, oporse á brutal especulación urbanística da que foi e segue sendo vítima o noso litoral, e da que Barreiros é un dos últimos exemplos. "Máis talento, menos cemento" pretende facer visible que outra forma de crecemento é posible, que para avanzar cara ao futuro non fai falta destruír o pasado e que manter a personalidade das nosas vilas, aldeas ou cidades é garantía de futuro. Organizan diferentes eventos lúdico-formativos, como a "Festa de exaltación do cemento", grazas á colaboración desinteresada e á xenerosidade de persoas comprometidas con esta causa.

